

# **ORDENANZAS FISCAIS ANO 2009**

## **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS CONDICIÓN S URBANÍSTICAS DE LOCALIZACIÓN, INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DE ANTENAS DE TELEFONÍA MÓVIL.**

### **Exposición de motivos**

Nos últimos anos asistimos á proliferación das instalacións dos servizos de telecomunicación, en especial das relativas á telefonía móvil. Este feito unido ó forte impacto que moitas delas teñen no paisaxe urbano e natural e a carencia de norma específica municipal, determinan a urxente necesidade de regular as condicións de localización, instalación e funcionamento das mesmas e xustifican suficientemente a elaboración e aprobación por parte deste Concello dunha ordenanza municipal propia para estes fines.

A ordenanza ten por obxecto a regulamentación das condicións urbanísticas aplicables á localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telefonía móvil. Contén ademáis normas relativas as condicións de protección ambiental e de seguridade das instalacións e normas que disciplinan o réxime xurídico das licencias sometidas á Ordenanza.

Con esta ordenanza se pretende compatibilizar adecuadamente a necesaria funcionalidade de tales elementos e equipos de telecomunicación e a utilización polos usuarios dos servizos de telecomunicación cos niveis de calidade requeridos coas esixencias de preservación do paisaxe urbano e natural e de minimización da ocupación e o impacto da súa implantación.

Díctase esta ordenanza de conformidade coa habilitación legal con que conta este Concello para exercer competencias en materias como a ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística, o patrimonio histórico artístico, a protección do medio ambiente o a salubridade pública.

Sen dúbida, un dos aspectos que máis preocupan ós cidadáns en relación con este tipo de instalacións e o relativo á protección fronte os posibles efectos nocivos que para a saúde das persoas poideran resultar da exposición ós campos electromagnéticos. Neste punto parece oportuno recordar o contido da Recomendación do Consello da Unión Europea de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral ós campos electromagnéticos 0 hz a 300GHz, na que afirma que é absolutamente necesaria a protección dos cidadáns da Comunidade contra os efectos nocivos para a saúde que se sabe poden resultar da exposición a campos electromagnéticos. En espera dunha regulación a nivel estatal, autonómico ou europeo, dende a propia normativa municipal tamén se poden establecer unha serie de cautelas neste senso, tanto mediante a regulamentación das condicións

para a súa instalación como a través da súa consideración como actividades calificadas sometidas o RAM.

## TÍTULO 1

### ART. 1º - OBXECTO

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación das condicións urbanísticas ás que deben someterse a localización, a instalación e o funcionamento de antenas de telefonía móvil situadas no termo municipal de O Pino, a fin de compatibilizar a funcionalidade de tales elementos e equipos e a utilización polos usuarios dos servizos de telecomunicación cos niveis de calidade requeridos coas esixencias de preservación do paisaxe urbano e natural e de minimización da ocupación e o impacto da súa implantación.

### ART. 2º - NORMAS XERAIS

.....  
**(Poderáse admitir a instalación destas antenas soamente a unha distancia de 700 metros de calquera construción, entendendo por tal vivendas, naves industriais, cemiterios, áreas recreativas ou deportivas, depósitos de auga ou calquera outro tipo de edificación normalmente utilizada por persoas no seu desenvolvemento individual ou social)**

(Apartado anulado por sentenza xudicial e executada polo Pleno da Corporación en 2004.)

....

Non serán tidos en conta os simples peches de fincas ou calquera obra menor que non supoña contacto directo coas persoas. Na súa instalación adoptaranse as medidas necesarias prescritas polos servizos técnicos municipais para atenuar ó máximo posible o impacto visual coa finalidade de conseguir a adecuada integración do paisaxe. A estos efectos, procurarase sempre lograr a utilización compartida das estruturas soporte por parte dos distintos operadores.

### ART. 3º - CONDICIÓN DE PROTECCIÓN AMBIENTAL

Todo elemento o equipo pertencente a calquera rede de telecomunicación obxecto desta ordenanza disporá de posta a terra conforme establece a vixente normativa electromagnética. As localizacións das antenas, estarán protexidas fronte as descargas de electricidade atmosférica, según establece a normativa específica de aplicación

### ART. 4º - RÉGIMEN JURÍDICO DAS LICENCIAS

A tódolos efectos consideranse ditas actividades como calificadas e sometidas polo tanto a regulación do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

Se considerará preceptivo o informe previo da Dirección Xeral de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, así como os informes urbanísticos, xurídicos e de sanidade propios do Concello. Se requirirá a presentación dun proxecto técnico asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente, que terá como mínimo a seguinte documentación:

- Estudio de calificación medioambiental que describa con detalle a posible incidencia da súa implantación e funcionamento no medio natural exterior e interior das edificacións e construcións do entorno con indicación dos seguintes extremos:
  - acreditación fehaciente do cumprimento das normas e directrices dadas polos órganos competentes da Administración do Estado en materia de saúde ambiental. A estes efectos aportarase a xustificación da aprobación do proxecto polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.
  - impacto ambiental producido por ruidos e vibracións
  - impacto visual no paisaxe urbanístico
  - medidas correctoras que se propoñen adoptar para eliminar ditos impactos e grado de eficacia previsto.
- Documentación gráfica ilustrativa do impacto visual da antena dende o nivel da vía pública e xustificación da súa localización.

Deberá cumprirse o resto de prescricións establecidas no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e perigosas e a normativa municipal de aplicación.

#### **ART. 5º - DEBER DE CONSERVACIÓN**

O titular da licenza deberá conservar a instalación dos equipos de telecomunicación en buen estado de seguridade, salubridade e ornato público. O deber de conservación das instalacións implica o seu mantemento mediante a realización dos traballos e obras que se precisen. O titular da licenza debe realizar as actuacións necesarias para derrubar e retirar os equipos de telefonía móvil, nos supostos de cese definitivo da actividade.

Estarán suxeitos a idénticos requisitos que a primeira instalación, a renovación ou substitución completa dunha instalación e a reforma de elementos determinantes da autorización inicial.

#### **ART. 6º - PROTECCIÓN DA LEGALIDADE**

As acción ou omisións que contravengan o disposto nesta Ordenanza poderán motivar a adopción das medidas seguintes:

- restitución do orden urbanístico vulnerado
- imposición de multas tra-la tramitación do correspondiente expediente

En todo caso a Administración municipal adoptará as medidas necesarias para reponer os bens afectadas a súa situación anterior á produción do acto ilegal.

As accións ou omisións que vulneren o disposto nesta ordenanza respecto das normas urbanísticas sobre localización, instalación e funcionamento das antenas constituyen infraccións urbanísticas que serán sancionadas de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente. Serán responsables das infraccións os promotores e os propietarios das antenas. Tamén serán sancionados os propietarios da fincas que permitan as instalacións sen esixir a preceptiva autorización municipal.

## **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Os titulares das instalacións reguladas nesta ordenanza establecidas coa debida autorización con anterioridade á data de entrada en vigor da mesma, disporán dun prazo de cinco anos para adaptar as súas antenas a presente normativa, facendo as correccións necesarias na ubicación e solicitando a oportuna licencia municipal.

## **DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA**

A promulgación e entrada en vigor de normas de rango superior ó desta ordenanza que afecten as materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática de aquelas sen prexuízo dunha posterior adaptación da ordenanza no que fose necesario.

## **DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA**

Dende a aprobación desta Ordenanza polo Pleno da Corporación suspéndese a tramitación de licencias que podan verse afectadas polo disposto na mesma, para evitar prexuízos irreparables. Esta disposición afectará unicamente as novas solicitudes de licencias non as que xa estén a tramitarse que terán que acollerse o disposto nas disposicións transitorias..

## **DISPOSICIÓN FINAL TERCERA**

De conformidade co establecido nos arts. 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, esta ordenanza entrará en vigor ós quince días hábiles da súa publicación completa no BOP unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.